

Reis Merece Máis!



Noelía Castaño
candidata de Reis

Eloi Devesa
candidato á alcaldía

Reis

O que urxe facer...

O concello de Teo sofre hoxe moitas eivas e problemáticas derivadas dun crecemento urbanístico desordenado e deshumanizado. Esta situación, unida á falta de proxectos globais que involucren a veciñanza asentadas nas zonas rurais, son causa importante do freo ao progreso integral de Teo.

*Ante esta situación, **desde o BNG queremos implementar unha serie de políticas activas de dinamización que consideramos esenciais para rachar cos nosos males endémicos e cohesionar as distintas parroquias nun único ente que sexa reflexo da súa pluralidade.** Estas medidas están recollidas no noso programa marco para Teo.*

O noso contrato con Teo é plural e debe ter en conta as necesidades específicas das distintas parroquias para non deixar a ninguén atrás.

Porque Teo merece máis, en Reis...

- ▶ Investiremos recursos para conseguir completar a rede de saneamento da parroquia nas aldeas que aínda agardan por el (A Freiría, Pazos, Vieiro, Xermeade, Coira, Samar e Valiñas).
- ▶ Prestaremos especial atención ao coidado e mantemento das estradas, pistas, camiños e beirarrúas nas aldeas de Chao do Río, Coira, A Ribeira, O Ferreiriño, A Freiría, Freixeiro, O Piñeiro, Vieiro, Xermeade, o Outeiro e Casal de Reis e na zona de Pontevea.
- ▶ Atenderemos á sinalización ou ao cambio dos vieiros que non teñen saída; á mellora dos pasos de peóns e das paradas de autobús; así como á eliminación de fochancas.
- ▶ Investiremos na recuperación, mantemento e conservación de espazos públicos como o parque de Chao do Río e o aparcadoiro municipal de Pontevea.
- ▶ Promoveremos a limpeza, mantemento e a posta en valor dos lavadoiros de Coira, Monteselo, Xermeade, Casal de Reis e Freixeiro; así como da zona do río e do muíño do Piñeiro, do río Santa Lucía, do camiño e da fonte da zona da Burga, do camiño do Xirimbao e do castro de Pontevea.
- ▶ Promoveremos un proxecto para estudar a posibilidade de facer un miradoiro en Vieiro.

Con esas propostas queremos dar **#unpasoadiante para que Reis avance** con Teo.

Máis Concellos BNG!

O BNG presenta unha candidatura formada por persoas competentes, ilusionadas, que teñen a cabeza e o corazón en Teo.

Nesta candidatura unimos a xuventude, temos o candidato máis novo, coa competencia e experiencia dos demais membros.

Unha nova xeración disposta a darlle vida a Teo, con propostas, con iniciativas pero tamén con preparación e capacidade técnica e política para resolver os problemas que vaiamos atopando no camiño.

O noso contrato é co pobo de Teo.

Traballaremos arreo para non deixar a ninguén atrás, a cidadanía orgullosa de ser deste concello debe ser o motor no que sustentemos os cambios e melloras nas que cremos e que o BNG vén demostrando por Galiza adiante que é posible crer. Só precisamos que vos apuntedes ao reto.



UN
NOVO TEO

PARROQUIA
A PARROQUIA

REIS